

Os grupos políticos con representación na Deputación da Coruña (PP, PSdeG-PSOE, BNG-Asembleas Abertas, Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños), presentan a seguinte

Declaración institucional da Deputación da Coruña ao respecto da non violencia no deporte e do asasinato de Francisco Javier Romero Taboada (Jimmy)

O domingo 30 de novembro de 2014, un grupo de seareiros/as deportivistas, dos Riazor Blues e doutros grupos branquiazuis, sufrían un brutal ataque por parte de membros do grupo Frente Atlético.

Froito dese ataque, en que participaban máis de douscentos ultradereitistas armados con obxectos contundentes, diversos seguidores branquiazuis foron agredidos e “Jimmy”, logo de ter recibido unha brutal malleira, foi guindado ao río Manzanares xunto con outro seareiro e falecía nun hospital da capital madrileña.

A ninguén se lle escapa a nefasta xestión previa a este partido entre o Atlético de Madrid e o Deportivo, pois a pesar de ser coñecido que a afección branquiazul ía desprazarse a Madrid e a pesar de ser coñecida a violencia do Frente Atlético coas afeccións rivais, o partido non foi declarado de alto risco, polo que os efectivos policiais para velar pola seguranza das persoas desprazadas desde A Coruña foi nula. Ao mesmo tempo, xa na zona de Madrid Río, en que se produciu a agresión grupal, e a pesar dos avisos dados pola propia veciñanza, as unidades policiais chegaron con moito atraso, deixando desamparadas as persoas que estaban a ser obxecto de agresións.

O fútbol e o deporte en xeral, que deberían servir para difundir valores positivos e, por suposto, a importancia da práctica do exercicio físico, convértese nunha escusa para que determinadas persoas e colectivos dean canle libre á violencia, e para que algúns grupos criminais se organicen baixo a aparencia de colectivos de afeccionados deportivos.

A Deputación Provincial da Coruña está comprometida co fomento do deporte como actividade enriquecedora do ser humano e da sociedade, e para iso colabora con numerosos clubs de toda a provincia na formación de deportistas e no sostemento de equipos deportivos de categorías profesionais e de base.

Por todo isto, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña:

- Condena a brutal agresión sufrida o 30 de novembro de 2014 pola expedición de seguidores dos Riazor Blues e doutros grupos do Deportivo que acudiron a presenciar o partido disputado entre o Atlético de Madrid e o Deportivo e que rematou coa morte de Francisco Javier Romero Taboada “Jimmy”.
- Rexeita calquera intento de situar no mesmo plano as vítimas e os agresores e condene a impiedade coa que actúan no Estado español grupos de extrema dereita, neste caso o Frente Atlético.

- Expresa o seu rexeitamento total da violencia, e neste caso particular, daquela que se escuda tras as entidades e eventos deportivos para se manifestar.
- Anima as entidades deportivas coas que colabora a difundir e promover entre as persoas que os integran e a súa comunidade os valores deportivos do xogo limpo, do compañeirismo, do respecto e da solidariedade, como xeito de previr e evitar as condutas violentas relacionadas coa práctica e cos eventos deportivos.